

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 27 DE XUÑO DE 2011

Sres. Asistentes :

ALCALDE-PRESIDENTE

D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ

CONCELLEIROS

DONA MARTA RODRÍGUEZ ARIAS

D. MANUEL A. TARRÍO FERNÁNDEZ

DONA ROCIO ANA LLOVO DEL RÍO

D. LUIS GARRIGOS VILLALBA

DONA MARÍA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. ANTONIO CARBALLO BRIANES

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA FLORA M^a A. RODRIGUEZ

BARREIRO

D. JOSÉ MANUEL PARDAL GARCÍA

D. MANUEL RODRÍGUEZ CUERVO

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

D. XOSÉ CASTRO RATÓN

DONA ANA I. LORENZO FRAGA

D. XURXO C. ABUÍN RODRÍGUEZ

D. JUAN M. FAJARDO RECOUSO

D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO

D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTOR

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as dezasete horas do día 27 de xuño de 2011, baixo a Presidencia de D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ, e coa asistencia da Secretaria DONA ROSA LOSADA SUÁREZ, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Extraordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día do seguinte xeito:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de constitución da nova Corporación Municipal, celebrada o día 11 de xuño de 2011.

2.- Dación de conta dos Decretos da Alcaldía dos meses de abril e maio de 2011

3.- Dación de conta dos Decretos da Alcaldía en materia de:

- Composición, competencias e réxime de sesións da Xunta de Goberno Local.

- Nomeamento de Tenentes de Alcalde.

- Fixación de áreas de goberno e concelleiros delegados.

4.- Dación de conta da constitución dos Grupos Políticos Municipais

5.- Aprobación, se procede, da Proposta da Alcaldía sobre a periodicidade das sesións do Pleno.

6.- Aprobación, se procede, da Proposta da Alcaldía sobre a creación e composición das Comisións Informativas Permanentes.

7.- Aprobación, se procede, da Proposta da Alcaldía sobre o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados

8.- Aprobación, se procede, da Proposta da Alcaldía sobre a dedicación exclusiva de membros da Corporación

9.- Aprobación, se procede, da Proposta da Alcaldía sobre o persoal eventual

10.- Aprobación, se procede, da Proposta da Alcaldía sobre a percepción de asistencias pola concorrencia ás sesións dos órganos colexiados municipais.

11.- Aprobación, se procede, da Proposta da Alcaldía sobre a dotación económica aos grupos políticos municipais.

Polo Sr. Alcalde explícase o modo no que se vai a desenvolver o debate dos asuntos e as intervencións dos voceiros dos grupos políticos municipais.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL, CELEBRADA O DÍA 11 DE XUÑO DE 2011..- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta de data 11 de xuño de 2011.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade.

2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DOS MESES DE ABRIL E MAIO DE 2011.- Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións emitidas pola Alcaldía durante os meses de abril e maio de 2011:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO MES DE ABRIL 2011:

2.- Autorización de celebración de bailes e verbenas populares.

1.- Declaración de desestímulo de solicitude de transmisión de licenza de apertura.

1.- Aceptación de renuncia solicitude de licenza de apertura.

1.- Autorización de transmisión de licenza de apertura.

1.- Concesión de licenza municipal de apertura.

1.- Informe favorable da concesión de licenza AMINP.

1.- Informe desfavorable de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras de establecementos de hostalería.

1.- Concesión de autorización de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras de establecementos de hostalería.

1.- Revocación de autorización de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras de establecementos de hostalería.

24.- Concesión de licenza municipal obras menores.

1.- Concesión de cambio de título da licenza para rehabilitación e ampliación vivenda.

3.- Concesión de licenza municipal de acometidas de auga e/ou saneamento.

2.- Arquivo de expediente solicitude de construción de vivenda.

2.- Concesión de licenza municipal de segregación de fincas.

4.- Concesión de licenza municipal de obras maiores.

1.- Concesión de licenza de primeira ocupación de edificación.

1.- Concesión de prórroga para remate de obras.

11.- Recoñecemento de obrigación de gasto.

1.- Aprobación de transferencias de crédito nº 10/T/2011.

4.- Requirimento de exercicio de accións por letrado para reparación quebranto patrimonial.

5.- Representación e defensa de intereses do Concello por letrado en procedemento xudicial.

5.- Orden de exhumación restos mortais.

1.- Recoñecemento de obrigación Plan de Pensións.

- 2.- Aprobación de gasto relativo a taxa por publicación de anuncio no BOP.
- 1.- Lista de candidatos admitidos a probas para selección de 6 auxiliares de Policía Local.
- 1.- Recoñecemento e aboamento de servizos en domingo de empregados municipais.
- 1.- Recoñecemento e aboamento de servizos en xornada nocturna persoal funcionario da Policía Local.
- 2.- Orde pago cantidades en execución de títulos xudiciais Xulgado do Social nº 2 de Pontevedra.
- 2.- Nomeamento de funcionario/a interino/a.
- 1.- Asignación retribucións a posto de traballo de conformidade acordo plenario.
- 1.- Prórroga Comisión de Servizos a Coordinador do Servizo de Emerxencias.
- 1.- Designación Secretaria Accidental.
- 1.- Nomeamento de Comisión de Selección para Bolsa de Traballo de Auxiliares de Clínica.
- 1.- Iniciación de expediente administrativo sancionador Taxi (Licenza nº 7).
- 3.- Orde limpeza maleza en predio.
- 1.- Imposición sanción por infracción horario peche local.
- 2.- Requirimento presentación informe-dictame seguridade inmovible.
- 1.- Orde de realización da totalidade das obras ordenadas por resolución.
- 2.- Orde de demolición para seguridade vía pública.
- 1.- Desestimación de alegacións en relación prazo execución valado provisional parcela.
- 1.- Orde realización obras para garantir seguridade vía pública.
- 3.- Imposición multa coercitiva por incumprimento resolucións.
- 1.- Reiteración de orde de saneamento de fachada inmovible.
- 1.- Reiteración de orde de demolición.
- 1.- Reiteración de requirimento de presentación informe-dictame de seguridade.
- 2.- Orde axustar obras a licenza concedida.
- 2.- Desestimación de recurso de reposición.
- 4.- Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística.
- 2.- Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística.
- 2.- Iniciación de expediente administrativo sancionador por infracción can.
- 1.- Anulación de Decreto de Alcaldía de recoñecemento de obriga.
- 1.- Imposición de sancións por infraccións de tráfico.
- 3.- Inscripción de can en rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.
- 2.- Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos.
- 1.- Concesión de fraccionamento de débeda.
- 4.- Compensación de débitos e créditos.
- 16.- Orde de pago de facturas.
- 1.- Orde reingreso de importe non xustificado realización proxecto contratación temporal de persoal de servizos sociais.

TOTAL: 147

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE MAIO 2011:

- 4.- Orde representación e defensa intereses do concello exercidas por Letrado en procedemento xudicial.
- 1.- Comunicación interesados en relación Entidade de Conservación – Entidade Urbanística de Conservación do Sector O Cornazo.
- 2.- Aprobación liquidación ICIO.
- 4.- Aprobación liquidación Taxa para Concesión de Licenzas urbanísticas.
- 1.- Aceptación renuncia solicitude licenza municipal de apertura.
- 1.- Declaración de caducidade de expediente licenza municipal de actividade.
- 1.- Declaración de desestimento solicitude de transmisión de licenza municipal de actividade/apertura.
- 1.- Concesión de licenza municipal de apertura de establecemento.
- 1.- Autorización de transmisión de licenza municipal de apertura de establecemento.
- 1.- Comunicación non procede instalación de terraza por tratarse de espazo de titularidade privada.

- 3.- Denegación de licenza de obra.
- 2.- Denegación de prórroga para execución de obras.
 - 1.- Concesión de licenza provisional apertura actividade.
 - 1.- Concesión de licenza definitiva de apertura de actividade.
- 1.- Autorización de cambio de titularidade de expediente licenza municipal obras demolición.
- 1.- Autorización de subrogación solicitude licenza municipal de apertura.
- 2.- Denegación de autorización de ocupación de vía pública.
- 6.- Concesión de autorización de ocupación de vía pública.
 - 1.- Concesión de legalización, 1ª ocupación e acometidas.
- 8.- Concesión de licenza de obra de obra maior.
 - 1.- Concesión de licenza municipal expediente ARI.
- 1.- Concesión de licenza de segregación.
 - 1.- Aceptación de cesión de terreos.
- 13.- Concesión de licenza de obra para acometida de auga e/ou saneamento.
 - 1.- Concesión de licenza de obra para canalización soterrada.
- 23.- Concesión de licenza de obra menor.
 - 1.- Arquivo expediente solicitude licenza de obra.
 - 1.- Concesión de prórroga para execución de obras.
 - 1.- Requirimento orde realización obras para seguridade da vía pública.
 - 1.- Requirimento aportación de informe – dictame de seguridade.
 - 2.- Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística.
 - 2.- Imposición de multa coercitiva.
 - 1.- Mantemento de resolución orde de demolición.
 - 1.- Admisión proba aportada en expte. reposición legalidade urbanística.
 - 1.- Orde reparación de deficiencias valado provisional.
 - 1.- Orde arranxo valado ámbito Estudio Detalle ETD-16.
- 4.- Arquivo expediente deficiencias.
 - 2.- Admisión a trámite expte. Actividades Clasificadas.
 - 1.- Recoñecemento e aboamento gratificacións por festivos persoal policía local e cemiterios.
 - 1.- Recoñecemento e aboamento servizos xornada nocturna a persoal funcionario policía local.
 - 1.- Recoñecemento e aboamento servizos en domingo a persoal.
 - 2.- Concesión de gratificación a persoal.
 - 1.- Habilitación empregado para cubrir ausencia encargado emerxencias.
 - 1.- Desempeño posto de traballo Educador/a no Servizo de Muller a xornada completa.
 - 1.- Denegar disfrute de vacacións a auxiliar de clínica do SPAD.
 - 1.- Apertura de expediente disciplinario a funcionario municipal.
 - 1.- Orde empregado municipal absterse de actuación no expediente de selección de auxiliares Policía Local 2011.
 - 1.- Delegación no Primeiro Tenente de Alcalde funcións da Alcaldía.
 - 1.- Recoñecemento de obrigacións e orde pagamento aportación Plan de Pensións mes de abril.
 - 1.- Nomeamento de Interventora Accidental.
 - 1.- Desestimación de reclamación presentada por empregado municipal en relación cobro gratificación 100% durante baixa IT.
 - 1.- Constitución mesa electoral Comisión Plan de Pensións.
 - 1.- Comunicación a Comisión Sindical seguimento procesos de selección – Auxiliares de Policía Local.
 - 1.- Relación de admitidos e nomeamento Tribunal cualificador Selección 6 auxiliares de Policía Local.
 - 1.- Designación Encargado en funcións do Servizo de desenvolvemento ambiental.
- 3.- Aprobación gasto taxa publicación anuncio BOP ou DOG.
 - 1.- Orde ingreso cantidade a favor da AEAT – Retencións IRPF 2009.
 - 2.- Remisión expediente administrativo a Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra.
 - 1.- Imposición sanción por infracción límite ruído.
 - 1.- Sobresemento expediente sancionador por infracción límite ruído.
 - 1.- Concesión de autorización para celebración bailes e verbenas populares.

- 6.- Declaración de caducidade de expediente administrativo sancionador por infracción horario peche.
 - 1.- Iniciación de expediente administrativo sancionador por infracción bando sobre limpeza e servizo de recollida de lixo.
 - 2.- Concesión de renovación da licenza para tenza de animais perigosos por 5 anos.
 - 1.- Iniciación de expediente administrativo sancionador por infracción de horario peche.
 - 1.- Orde limpeza maleza en parcela.
 - 2.- Inicio de oficio de expedientes sancionadores por infraccións de tráfico.
 - 1.- Confirmación de resolución recaída en expediente sancionador por infracción de tráfico.
 - 1.- Imposición de sancións por infraccións de tráfico.
 - 1.- Desestimación de recurso de reposición proceso selectivo selección auxiliar de clínica.
- 26.- Orde de pago de facturas.
- 8.- Recoñecemento de obrigación de gasto.
- 4.- Compensación débitos e créditos.
 - 1.- Expediente Modificación de Créditos de Transferencias de Créditos 06/T/2010.
 - 2.- Denegación de solicitude de inscrición de can no rexistro municipal de animais perigosos.
 - 1.- Xeración de novas liquidacións do ICIO, Taxa por licenzas urbanísticas por concesión de licenza de primeira ocupación.

TOTAL: 186

O Concello Pleno queda sabedor.

3.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE: - Composición, competencias e réxime de sesións da Xunta de Goberno Local;- Nomeamento de Tenentes de Alcalde; Fixación de áreas de goberno e concelleiros delegados..- Pola Sra. Secretaria dáse conta das seguintes resolucións da Alcaldía:

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

Asunto: XGL (composición, competencias e réxime de sesións)

Conforme ao disposto no artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, os municipios con mais de cinco mil habitantes contarán como órgano necesario coa denominada Xunta de Goberno Local.

Dito órgano integrase polo Alcalde e un número de concelleiros non superior a un tercio do número legal (actualmente 21), sendo nomeados e separados libremente pola Alcaldía, tendo en conta que as súas funcións son as de asistencia ao Alcalde no uso das súas atribucións e o exercizo daquelas atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle delegue, amén das que lle puideran atribuír directamente as leis (artigo 23 da lei 7/1985, e 52 e 53 do RD.2568/1986). As atribucións que se deleguen na Xunta de Goberno Local exerceranse de conformidade co previsto nos artigos 114 a 118 do Rd.2568/1986.

Dito isto, e vistas as atribucións que corresponden á Alcaldía segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, así como os concordantes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o Rd.781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, o Rd.2568/1986 xa mencionado, en tanto non foran afectados polas modificacións efectuadas na Lei 7/1985, e demais normativa básica vixente, considerando unicamente aquelas atribucións e facultades delegables, esta Alcaldía no exercizo da competencia que lle outorga o artigo 44 do RD.2568/1986, e tendo en conta así mesmo a necesidade de determinar o réxime de sesión de dito órgano, RESOLVE:

Primeiro: Xunto o Alcalde-Presidente, integran a Xunta de Goberno local os seguintes 7 concelleiros:

DONA MARTA RODRÍGUEZ ARIAS
D. LUIS GARRIGOS VILLALBA
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO
D. ANTONIO CARBALLO BRIANES

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ
DONA FLORA M^a DE LOS ANGELES RODRIGUEZ BARREIRO
D. JOSÉ MANUEL PARDAL GARCÍA

Segundo: A Xunta de Goberno Local celebrará Sesiión ordinaria os luns (ou día hábil seguinte, de ser festivo) as 8:30 horas, en primeira convocatoria e ás 9:00 en segunda convocatoria, sendo unha hora despois de non existir quórum suficiente.

Terceiro: Efectuar as seguintes DELEGACIÓNS en pro da xunta de goberno local:

A) EN MATERIA CONTRACTUAL:

1.- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión o Alcalde e estean previstas no orzamento municipal.

2.- A adxudicación das contratacións e concesións de toda clase, así como a aprobación das certificacións de obras e facturas, dentro dos límites competenciais que ao Alcalde outorga o artigo 21.1 da Lei 7/1985.

B) EN MATERIA DE LICENZAS:

1.- A resolución das peticións relativas a concesión de nichos e terreos para pavillóns no cemiterio municipal, agás urxencia por falecemento.

2.- Autorización de instalacións varias en vía ou terreos públicos municipais (como por exemplo: quioscos, circos, ...).

3.- Acordos de execución de obras menores, ou reposición de servizos a instancia de particulares.

4.- A resolución dos expedientes relativos a concesión das seguintes licencias: autotaxis e demais vehículos de aluguer e reserva de vía pública

C) EN MATERIA ECONOMICO FINANCIERA:

1.- Os actos de autorización, disposición e recoñecemento de obrigas derivadas da tramitación de contratos delegados en virtude do disposto na letra A desta resolución.

2.- Autorización e disposición previa de gastos correntes de contía superior ós 300,00 euros e ata o importe que a normativa de contratación sinala como límite do contrato menor, segundo a natureza do gasto. Recoñecemento posterior da obriga.

3.- Autorización e disposición previa dos gastos de inversión ata o importe que a normativa de contratación sinala como límite do contrato menor. Recoñecemento posterior da obriga.

4.- Autorización e/ou adxudicación de gastos, no caso de aprobación global de programas de actividades organizados polos correspondentes servizos, aínda que o seu importe non supere individual ou conxuntamente os 300,00 euros.

5.- Os actos de autorización, disposición e recoñecemento de obrigas de gasto tramitadas conxuntamente, agás nos seguintes supostos: nóminas de persoal, seguridade social, IRPF e intereses, comisións bancarias e amortización de préstamos, nos que a autorización e disposición dos gastos e o recoñecemento e liquidación das obrigas será competencia da Alcaldía calquera que sexa a súa contía.

Exceptúanse os casos en que concorran razóns xustificadas de urxencia e/ou necesidade, nos que poderán autorizar, dispoñer e recoñecer.

6.- Concesión de subvencións. Aprobación das xustificacións presentadas, a excepción das subvencións de emerxencia social.

7.- Solicitude e aceptación de subvencións outorgadas ó Concello, agás os supostos nos que se esixa a solicitude e/ou aceptación por algún órgano municipal específico.

8.- Aprobación de pagamentos coa modalidade de “a xustificar” de conformidade coa normativa aplicable. Aprobación, no seu caso, das contas xustificativas presentadas.

9.- Constitución de anticipos de caixa fixa. Aprobación, no seu caso, das contas xustificativas presentadas; aprobación da reposición de fondos ou cancelación do anticipo.

10.- Acordos relativos a cancelación de avais ou devolución de avais ou fianzas constituídas ou ingresadas a favor do Concello.

11.- Aprobación de padróns e matrículas de tributos municipais.

12.- Acordos relativos a baixas de suxeitos pasivos ou calquera rectificación de datos de contribuíntes, agás cambios por alteracións de carácter xurídico no Imposto de Bens Inmóveis.

13.- Concesión de beneficios fiscais (exencións, bonificacións,...).

14.- Revisión de oficio de actos ditados en vía de xestión tributaria, cando esta sexa competencia de alcaldía, e os actos revisados teñan sido ditados pola Xunta de Goberno Local.

15.- Rectificación de erros de actos ditados en vía de xestión tributaria, cando os actos rectificadas teña sido ditados pola Xunta de Goberno Local.

16.- Aprobación da Conta de Recadación.

D) EN MATERIA DE BENS:

1.- Adquisición de bens e dereitos, así como o alleamento do patrimonio, nos termos e dentro dos límites establecidos no artigo 21.1 da Lei 7/1985.

2.-Resolución dos expediente relativos ao uso e defensa dos bens municipais: investigación, deslinde, recuperación de oficio.

E) EN MATERIA DE PERSOAL:

1.- Aprobación das bases das probas para selección de persoal, agás persoal laboral temporal.

2. – Acordar a contratación e inicio do expediente de selección de persoal laboral temporal.

3.- Outorgar as axudas que corresponde ao persoal conforme ao acordo marco e convenio colectivo vixente. Concesión de anticipos ó persoal.

4.- Aprobar o recoñecemento de trienios ao persoal, así como os servizos previos.

5.- *Aprobación de gratificacións por traballos realizados fora da xornada laboral do persoal funcionario e horas extraordinarias do persoal laboral.*

6.- *Autorizar a asistencia a cursos, xornadas, etc.*

E) NOUTRAS MATERIAS:

1.- *A solicitude e aceptación de subvencións de calquera entidade pública ou privada, e autorización de convenios cando se instrumenten a través deles, na que a competencia non estea atribuída por Lei a outro órgano.*

2.- *A solicitude de delegación de competencias para contratar obras ou servizos da competencia da Alcaldía efectuadas a outras Administracións Públicas.*

3.- *Resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial incoada contra o concello.*

4.- *No tocante a Servizos Sociais: a concesión de tarxetas de estacionamento para minusválidos, altas e baixas nas listas de espera do servizo de axuda no fogar, e no de teleasistencia domiciliaria.*

5.- *No relativo a mercados: autorización de traspaso de postos do mercado municipal e da praza de abastos, suspensión do exercizo, autorización da modificación de días de apertura.*

6.- *En canto á terceira idade: concesión de tarxetas de bono bus municipais.*

7.- *Autorización de uso de locais municipais.*

8.- *Determinación de sinalización informativa ou prohibicións en materia de tráfico e circulación con carácter permanente, así como cortes ou cambios na circulación puntuais debido a celebración de probas, actos e demais, agás neste caso de inmediatez das mesmas previo informe da policía.*

Cuarto: *A Xunta de Goberno Local reunirse, previa convocatoria do Alcalde, para a celebración da sesión constitutiva nos dez días seguintes a presente resolución. Na mesma sesión deberase aceptar por dito órgano a delegación das atribucións aquí efectuadas.*

Quinto: *O Alcalde, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas por esta resolución, sen prexuízo de poder avogar en calquera momento as competencias delegadas con arranxo á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.*

Sexto: *A presente resolución goza de efectividade dende o día seguinte a súa data, sen prexuízo da súa publicación no BOP, e da dación de conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.*

Sétimo: *Notifíquese a presente resolución aos concelleiros membros da Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento e efectos.*

Vilagarcía de Arousa, a 17 de xuño de 2011.

O Alcalde - Presidente
Tomás Javier Fole Díaz

Ante min, a Secretaria
Rosa Losada Suárez

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

(Asunto: Tenentes de Alcalde)

De conformidade co disposto no artigo 23. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local 7/85 e os artigos 46-1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais do 28 de novembro de 1986, e 62 e 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, aos tenentes de alcalde, como tales, correspóndelles substituír á Alcaldía na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Sendo competencia desta Alcaldía o nomeamento dos Tenentes de Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local segundo establece o artigo 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local 7/1985, RESOLVO:

Primeiro: Nomear Tenentes de Alcalde aos Concelleiros seguintes:

1º Tenente de Alcalde: DONA MARTA RODRÍGUEZ ARIAS

2º Tenente de Alcalde DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

Segundo: *Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose ademais, persoalmente ó designado, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da presente resolución.*

Vilagarcía de Arousa, a 17 de xuño de 2011.

O Alcalde-Presidente

Tomás Javier Fole Díaz

Ante min, a Secretaria

Rosa Losada Suárez

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

(Fixación de áreas de goberno, concelleiros responsables das distintas áreas e delegacións especiais)

Os/as Concellerios/as delegados/as constitúen un órgano de goberno complementario da organización, sinalando o artigo 43 (e seguintes) do ROF os termos das delegacións ao distinguir entre delegacións xenéricas e especiais. É dicir, por un lado o Alcalde pode efectuar decreto de delegacións xenéricas de unha ou varias áreas a favor dos membros da Xunta de Goberno Local, e por outro lado, o Alcalde, tamén por decreto, pode efectuar delegacións especiais en calquera concelleiro/a para a dirección e xestión dos servizos correspondentes:

Vistos os artigos 21 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime Local, artigo 61.3 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, artigos 43 a 35 e 114 a 118 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía, en exercicio das atribucións que lle confiren os citados artigos:

DECRETA:

Primeiro: *Establecer as áreas de goberno municipal para o Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo a súa denominación, o/a concelleiro/a de goberno responsable da área e o ámbito funcional o seguinte:*

1) AREA DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E XUVENTUDE.

Dona Marta Rodríguez Arias, que comprende o seguinte ámbito:

- a. Xestións ante outras Administracións e Institucións*
- b. Coordinación e supervisión do Servizo de Xuventude*
- c. Fomento e coordinación de actividades lúdicas promovidas por outras administracións ou entidades dirixidas á xuventude.*

2) ÁREA DE DEPORTES

D. Luis Garrigós Villalba, que comprende o seguinte ámbito:

- a. Fomento, promoción, xestión e desenvolvemento da actividade física, práctica deportiva e instalacións deportivas.*
- b. A presidencia da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais que abrangue a Presidencia da Xunta Rectora e do Consello da Xerencia.*

3) **ÁREA DE TRABALLO E BENESTAR SOCIAL**

Dona Elena Suárez Sarmiento, que comprende o seguinte ámbito:

- a. *Servizos Sociais.*
- b. *Servizo de drogodependencias e unidade de día.*
- c. *Política de igualdade.*
- d. *Muller e Persoas Maiores.*
- e. *Supervisión do funcionamento da Escola Infantil de Vilagarcía e Arousa e coordinación coa de O Carril.*
- f. *Coordinación dos servizos relacionados coa infancia.*
- g. *Emprego e Formación.*

4) **ÁREA DE MEDIO RURAL**

D. Antonio Carballo Brianes, que comprende o seguinte ámbito:

- a. *Relacións cos veciños/as do rural e Comunidades de Montes.*
- b. *Atencións queixas veciñais do rural.*
- c. *Mellora do Medio Rural*

5) **ÁREA DE OBRAS E SERVIZOS**

D. Jesús Longa Sánchez, que comprende o seguinte ámbito:

- a. *Rede de sumidoiros.*
- b. *Iluminación pública.*
- c. *Vías públicas.*
- d. *Xestión de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria e abastecemento de auga potable.*
- e. *Mantemento dos espazos públicos urbanos e rurais.*
- f. *Parques, Xardíns, praias e Medio Ambiente.*
- g. *Accesibilidade*
- h. *Policía en materia de vertedoiros incontrolados.*

6) **ÁREA DE CULTURA:**

Dona Flora M^a de Los Angeles Rodríguez Barreiro, que comprende:

- a. *Iniciativa, programación e xestión de actividades lúdicas e festas.*
- b. *Fomento e coordinación de actividades lúdicas promovidas por outras administracións ou entidades.*
- c. *Normalización lingüística.*
- d. *Coordinación e supervisión do servizo de cultura.*
- e. *Intervencións culturais.*
- f. *Autorización de uso das instalacións culturais a entidades e particulares.*

7) **ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA.**

D. José Manuel Pardal García, que comprende o seguinte ámbito:

- a. *Orzamentos e gasto público.*
- b. *Ingresos de dereito privado e de dereito público, tributarias e non tributarias.*
- c. *Recadación en período voluntario e executivo.*
- d. *Informática, telefonía e novas tecnoloxías.*

Segundo: *Delegacións especiais: Confírense as seguintes delegacións especiais, a favor dos concelleiros delegados que se indican:*

A) SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ E EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Dona Rocio Ana Llovo del Río, sendo o seu ámbito funcional o seguinte:

- a. *Atención aos cidadáns*
- b. *Supervisión do Servizo de OMIC.*
- c. *Educación, que inclúe o mantemento e conservación dos centros públicos.*
- d. *Supervisión do funcionamento do Conservatorio e Escola Municipal de Música.*
- e. *Mellora, mantemento e conservación dos mercados municipais e funcionamento do mercadillo de venda ambulante.*
- f. *Cemiterios*
- g. *Servizo de limpeza de Centros e Oficinas.*

h. Bibliotecas

B) SERVIZO DE POLICÍA LOCAL E SEGURIDADE:

D. Manuel Tarrío Fernández, sendo o seu ámbito funcional o seguinte:

- a. Sinalización informativa e prohibicións en materia de tráfico e circulación con carácter temporal.*
- b. Cortes ou cambios de circulación puntuais debido á celebración de probas.*
- c. Coordinación e supervisión do Servizo de Policía Local, Protección Civil e Emerxencias.*
- d. Medidas de prevención de incendios.*
- e. Policía en materia de tenencia de animais potencialmente perigosos e as cuestións relativas á canceira municipal.*

Terceiro: *Todas as delegacións establecidas no apartado primeiro do presente Decreto teñen a consideración de xenéricas e abranguen dentro de cada área obxecto de creación, tanto a facultade de dirección dos servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral.*

Cuarto: *Todas as delegacións establecidas no apartado segundo do presente Decreto teñen a consideración de especiais e abarcan a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes.*

Quinto: *O Alcalde, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas por esta resolución, sen prexuízo de poder avogar en calquera momento as competencias delegadas con arranxo á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.*

Sexto: *Os concelleiros mencionados neste Decreto non poderán delegar nun terceiro as atribucións que lle conferiu a Alcaldía.*

Sétimo: *Os concelleiros con delegación da Alcaldía deberán informar previamente ó Alcalde da adopción de decisións de transcendencia.*

Oitavo: *As precedentes delegacións deberán ser aceptadas por parte dos concelleiros, entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles non fai expresa manifestación rexeitando a delegación.*

Noveno: *Notifíquese a presente resolución, persoalmente, ós señores concelleiros, déase conta da mesma ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, todo elo sen prexuízo da súa efectividade dende a súa aceptación.*

Vilagarcía de Arousa, a 17 de xuño de 2011.

*O Alcalde-Presidente,
Tomás Javier Fole Díaz*

*Ante min A Secretaria,
Rosa Losada Suárez*

O Concello Pleno queda sabedor.

4.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.- Conforme ó preceptuado no artigo 24 e 25 do RD.2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da corporacións locais, presentáronse escritos de constitución dos seguintes grupos, asinados por todos os membros que os integran, así como a designación de voceiros.

GRUPO POLÍTICO NÚMERO DE MEMBROS	VOCEIRO/A SUPLENTE DO VOCEIRO/A
Partido Popular (PP) 10 Membros	Dona Marta Rodríguez Arias Suplente: Dona M ^a Elena Suárez Sarmiento
Partido dos Socialistas de Galicia-Partido	Dona Tania García Sanmartín

Socialista Obrero Español (PSdeG-PSOE) 5 Membros	Suplentes: D. Argimiro Serén Mera D. Lino Mouriño Santiago.
Bloque Nacionalista Galego (BNG) 3 Membros	D. Xosé Castro Ratón Suplentes: Dona Ana I. Lorenzo Fraga D. Xurxo C. Abuín Rodríguez
Esquerda Unida (EU) 2 Membros	D. Juan Manuel Fajardo Recouso Suplente: D. Ramon Bueno Piñeiro
Grupo Mixto Independentes por Vilagarcía (IVIL)	D. José Luis Rivera Mallo

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO..- Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do teor literal seguinte:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Periodicidade das sesións do Pleno

O Artigo 38 do ROF establece que dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva, o Alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, a fin de resolver, entre outros asuntos sobre a periodicidade das sesións do Pleno.

Por outra banda o réxime de sesións do Pleno establécese no Artigo 46 da LBRL, o que distingue tres tipos de sesións (ordinarias, extraordinarias e extraordinarias urxentes) sen prexuízo de que a periodicidade unicamente debe ser establecida, obviamente, respecto das sesións ordinarias.

Tendo en conta que o Concello de Vilagarcía de Arousa conta con mais de 20.000 habitantes e que as sesións ordinarias dos Plenos, deben celebrarse como mínimo, unha vez cada mes (Artigo 46.2 a) da LBRL) veño en propoñer ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO:

O Pleno da Corporación Municipal celebrará sesión ordinaria o último luns de cada mes, ás 17:00 horas, no suposto de ser este festivo, celebrarase a sesión plenaria ordinaria o luns hábil anterior.

Por outra banda, o luns anterior á sesión do Pleno Ordinario poderá celebrarse Xunta de Voceiros coa finalidade de examinar os asuntos a incluír na Orde do Día da devandita sesión.

Non obstante, o Pleno da Corporación adoptará o acordo que estime conveniente.

Vilagarcía de Arousa, 21 de xuño de 2011.

O ALCALDE,

Tomás Javier Fole Díaz”

A seguir polo Sr. Alcalde indícase que se vai a realizar un debate conxunto dos asuntos incluídos na orde do día:

- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dicindo que O Alcalde ofreceu diálogo e o Grupo Municipal do PP considera que a proposta do Goberno é asumible pola Corporación. Basease nunhas premisas: austeridade, diálogo, participación nos órganos municipais e facilitar a labor da oposición.

Di que fai días que a través dos medios de comunicación os grupos maioritarios manifestaron que a proposta da Alcaldía era coherente, asumible e austera, e hoxe traen unha proposta aberta, e non pechada. Aínda non tendo pechado fixouse a data do Pleno por que o diálogo está aberto a tódolos grupos municipais.

Hai un aforro de 66.000 € anuais e mais de 238.000 € durante todo o mandato, estase falando dun aforro importante.

O novo Alcalde vaia cobrar o mesmo que Dona Dolores García. As concellerías liberadas, hai unha proposta e se reducen un 50%, pasase de 6 a 3 Concellerías liberadas e de 2 a 0 as dedicacións parciais.

Di que cumpren austeridade e aforro e facilitan a labor da oposición. Isto é unha proposta clara e transparente e centrase no goberno e reduce o gasto da Corporación e coas asignacións dos grupos o que presentan é unha rebaixa do compoñente fixo e o restante que se estableza hoxe distribuírase en función do número de Concelleiros e ademais propoñen un cambio substancial, porque antes o PP non estaba representado nos órganos colexiados en función da súa representatividade e hoxe dáse participación aos grupos políticos. Hai outras propostas como a creación dunha Xunta de Voceiros mensual.

A proposta é coherente para racionalizar os recursos e o aforro e trátase dunha proposta asumible e aberta.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que debería demorarse o debate de asuntos económicos ata coñecer o alcance do estudo financeiro ou auditoría municipal de que tanto falou o Sr. Fole e adecuar o gasto á situación que, en principio, estima precaria.

Recorda que desde o Exercicio 2009 non se dispón de datos fiables e se a situación das finanzas municipais é como se teme, hai que apertar o cinto.

É o certo que se sente decepcionado e ten que criticar a falta de respecto e de diálogo. Di que moito se teme que o chamaran antes do pleno unicamente para cubrir as aparencias. De outra forma non se entende que cambiaran de hora varias veces, que todo fose verbal e sen entregar ningún documento.

Pediú aclaracións o pasado venres á mañá. A concelleira Sra. Rodríguez Arias lle dixo que o Sr. Alcalde estaba ausente e que o chamarían en canto chegase. Esperou ata as dúas e media da tarde e continúa esperando.

En canto ás dedicacións exclusivas: propoñen o Alcalde e dous concelleiros liberados, e un mais que agachan, que se financia a cargo dos grupos minoritarios a través do importe que se reduce na proposta de asignación de dotación económica aos grupos municipais, para incrementar a cifra que percibe o PP. É dicir, co novo sistema que propoñen non existe ningunha economía para o Concello, simplemente descontaselle a uns para incrementalo o PP.

É inxusto o uso que fai o PP, neste caso, dunha maioría minoritaria, un abuso perverso que se pode interpretar como un intento mais, neste caso económico, para afogar a algún grupo.

Ante estas actitudes ¿como vai a apoiar as propostas do PP?. Vostedes mesmos o obrigan a rexeitalas. ¡Mal empezamos!

Dende IVIL sempre foi crítico coas concellerías liberadas polo alto custe que supoñen para o Concello en función da dedicación dos concelleiros en réxime de dedicación exclusiva e neste caso tamén o é, porque ten que ser coherente coa súa campaña electoral, mantendo aquel principio de que na súa etapa de goberno municipal non houbo concellerías liberadas pese a dispoñer de maioría absoluta.

Insiste en que, ademais das retribucións que figuran na proposta da Alcaldía, hai que engadir os custos de seguridade social, uns 12.500 €/ano cada un dos liberados.

Tamén insiste que, co diñeiro que descontan aos grupos minoritarios e que incrementan os ingresos do PP se financia unha concellería liberada mais, aínda encuberta.

En todo caso, anticipa que esixirá resultados poñendo como denominador común os parámetros de control de custos, traballo e dedicación, rendabilidade para Vilagarcía, mellor atención aos servizos e atención aos vilagarcíans.

E se non se respectan estes principios, actuará na súa condición de oposición e cumprindo co seu compromiso de control da xestión do goberno municipal, e denunciarao a fin de que o Pleno adopte as medidas que, no seu caso, procedan.

E xa no terreo do anecdótico pregunta ao PP se recorda cal foi o único grupo municipal que se opuxo á aprobación das concellerías liberadas no ano 2007. Foi o PP.

Tamén pregunta cal foi o motivo de dita oposición.

Que o Sr. Fole reivindicaba unha concellería liberada e apra elo facía alusión, incluso, a un pacto institucional acordado en 2003 co PSOE e o BNG, pacto que ata aquel entón se descoñecía publicamente.

Pacto aquel que sustentou que o Sr. Fole gozase dunha concellería liberada na etapa 2003/2007, que custaba aos cidadáns unha media de 3.283,37 €/mes, máis a seguridade social, de 999,20 €/mes. É dicir 4.282,57 € cada trinta días (712.560 pts/mes), a frioleira de mais de 30 millóns de pesetas. Por elo, dado que ao Sr. Fole non lle asignaban concellería liberada no período 2007/2011 o PP foi o único que se opuxo ás mesmas.

- Intervén o Sr. Fajardo dicindo que non é verdade que se reduza o gasto, pois se incrementa en 600 € ao mes. Esquécese de que hoxe veñen cargos a dedo, e ademais hai concelleiros na Xunta de Goberno Local que van a cobrar polas asistencias á mesma.

Pregunta a que lle chama o PP diálogo, a non enviar os datos. Pregunta tamén por que o Alcalde ten que cobrar esa cantidade, cal é a referencia para o seu salario, a anterior Alcaldesa presentou unha nómina do SERGAS e pregunta que presentou o Sr. Fole e dille que faga público o seu salario na Empresa privada e no IPESPO.

En campaña electoral dicía que o Concello estaba en quebra e se é así habería que reducir a proposta da Alcaldía é non cobrar todos nas Comisións Informativas pois poder facerse por voto ponderado para reducir os importes. As dedicacións exclusivas ascenden a 35.000 € cada unha e se se reduce a membros pode empregar o diñeiro na Praia Fluvial.

Di que os plenos ós luns ás 5 da tarde non é participativo e deben ser en horario non laborable, a EU non lle parece correcto este modo de ordenar os plenos e débese intervir libremente.

Os grupos da oposición teñen maioría e EU non vai a apoiar as propostas económicas, que son máis do mesmo, van a gastar o mesmo para facer clientelismo, aí fora hai vilagarcíans desempregados. Non saben cal é a proposta dos órganos colexiados, pero en resume non se aforra, custan 600 € máis ao mes.

- Incorporárase á sesión o Sr. Rodríguez Cuervo.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que quere comentar varios aspectos menores da proposta para a representación, como son o tema da Fundación para o Desenvolvemento da Comarca do Salnés que está en fase de liquidación, cal é a Mancomunidade de Municipios de Arousa (e na Mancomunidade do Salnés existe a Xunta.

Indica que falta o Grupo de Desenvolvemento Rural.

Hai que dignificar a vida política. A cidadanía quere Concelleiros/as dedicados/as ao servizo público e o goberno fixo unha proposta e o BNG non a critica porque é coherente.

O Goberno saínte foi transparente e austero e fixo un servizo impagable á cidadanía.

Apostan polo marco do entendemento pero sobre un discurso veraz e xusto.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que vota en falta a Comisión Informativa de Urbanismo. O PSdeG-PSOE entende que se debe tomar o criterio de manter as contías de finais da lexislatura e facilitan a proposta de goberno, excepto nas dedicacións exclusivas

En relación coa participación nos órganos colexiados non tiveron dificultades e facilitarán a aprobación da proposta do grupo de goberno.

- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dicindo que non esquecen o compromiso do PP na oposición de levar a cabo unha auditoría, que xa se empezou a facer. Hai que facer un estudo serio e logo formular os resultados. Hai que apertar o cinto, pero toda a Corporación e a redución mais grande é no Grupo de Goberno pois queda claro que son os primeiros en dar exemplo.

As dedicacións exclusivas non agachan nada, este goberno busca un novo criterio de reparto para os grupos políticos e redúcese o apartado fixo para cada grupo.

Cando o Sr. Rivera foi Alcalde non había concelleiros liberados e logo as demais corporacións tiveron concelleiros liberados e incluso o Sr. Rivera as aprobou. O PP votou en contra no 2007 por que ao principio eran 8 concelleiros liberados e logo reducíronse a 6. Noutras corporacións similares a Vilagarcía teñen unha dedicación exclusiva para a oposición.

EU fala das mentiras, da falta de diálogo e indícalles que o día 22 de maio perderon un concelleiro. En canto aos concelleiros non liberados claro que cobran polas asistencias a determinados órganos.

Coincide EU co Sr. Rivera Mallo no discurso, o PP non buscaba un pacto, buscaba un diálogo. Non quere EU pactar agora co PP pero na anterior corporación pactaba, aprobada e dialogaba.

Fala EU de enriquecerse pero aquí ninguén ven a enriquecerse. Agora di EU que os Plenos deben ser ás 8 da tarde e no 2007 dixeron no pleno que deberían ser ás 6 da tarde para facilitarlle a labor da prensa e o PP cree que hai que facilitar o traballo da Prensa por eso propón as sesións plenarias ás 5 da tarde..

A cidadanía apoiou ao PP e dilles que asuman a situación.

A proposta dos Órganos Colexiados trata de facilitar a presenza dos grupos políticos municipais en función da súa representación:

Decirlle ao BNG que hai moitos compañeiros que compaxinan o traballo de concelleiro coa súa profesión privada. Unha compañeira vai a cobrar o mesmo que na súa profesión e outra vai cobrar menos que no seu traballo, é unha combinación de aforro e traballo. Cando teñan que recoñecer a labor do bipartito local o recoñeceran pero se está mal tamén o dirán.

Con respecto ás asignacións a grupos e asistencias, di o PSOE que se debe coller como referencia ós importes fixados no 2010 e o PP marcou o 2007 como tope pero aceptan a proposta de maio de 2010.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que se alegra de que se faga a auditoría solicitada por IVIL. O Alcalde que cobre o soldo pero as concelleiras liberadas que esperen á auditoría. Co que reteñen aos grupos poden pagar a un concelleiro do PP.

Di que se lle chamou e non se atendeu. Non lle dan documentos, e se é un tema pechado como se vai a dialogar. No ano 2007 o PP quería unha dedicación exclusiva.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que no 2003 discutían se se liberaba a o Sr. Fole e pelexabase pola Guerra de Irak. No 2007 a situación económica non era a actual e reduciuse o salario da Alcaldesa en relación co anterior Alcalde, e reducíronse as dedicacións exclusivas para a oposición.

Di que se reducen as asignacións aos grupos minoritarios e, como se lles reduce o 60% da asignación lle reducen a actividade política.

Que o Alcalde aperte o cinto, falan de negociar cando xa tiñan un acordo pactado co PSOE e o BNG. A proposta fuxe da realidade social de Vilagarcía e de Galicia, Núñez Feijoo reduciu en libros, sanidade, etc. e débense dotar 120.000 € para becas que deixou de pagar a Xunta de Galicia.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que neste momento é necesario abrir a participación ás opcións políticas que non teñen representación na Xunta de Galicia, debe haber xenerosidade. No Consello Económico e Social ten que haber participación ampla.

- Intervén a Sra. García Sanmartín reiterando os criterios de austeridade: reducir o número de concellerías liberadas e manter as contías de 2010. Pide coherencia fronte a demagogia e sinala que EU estivo de lado do PP en moitos dos asuntos na anterior lexislatura.

- Intervén o Sr. Alcalde para aclarar varios aspectos:

1) Ao Sr. Rivera dicirlle que debese valorar a situación económica do Concello e dicir tamén co que se encontraron e poderían tomar decisións de persoal, funcionais, etc. Pero o Sr. Rivera aprobou un recoñecemento extraxudicial de créditos e inversións que endebedaba mais o Concello. Non está de acordo o Sr. Rivera coas asignacións a grupos pero cre que defende a súa situación particular.

2) Ao Sr. Fajardo: Fala da leal oposición cando Gago estableceu unha Concellería para o PP. Agora quixose manter unha coherencia e marcar unha referencia para o futuro e mantela no 2007. Esa leal oposición a cidadanía diferenciouna, o PP facilitoulle o Goberno e a IVIL deulle a oposición.

Houbo un cambio de parte da oposición ao goberno. O BNG e o PSOE faláron de ideas e ningún esixiu unha proposta por escrito sobre estes temas ao grupo de goberno actual.

e) Ao Sr. Castro dicirle que deben de dignificar a vida política pero foi él quen no 2007 votou en contra do acordo do 2003 apartando ao PP incluso dos órganos colexiados.

O PP puxo o seu gran de area e non criticou na anterior etapa o número de concellerías liberadas, foron críticos coa xestión, pero nunca criticaron que se cobrase por elo.

4) Ao Sr. Fajardo dicir que nun Concello onde governa o seu partido desde fai anos o Alcalde cobra 74.000 € e hai 8 Tenentes de Alcalde, 2 Concelleiros/as adxuntos, Xefe de Gabinete, Xefe de Prensa, Xefe de Protocolo, etc. cunha media de 66.000 €. As asignacións a grupos EU cobra 81.380 € e o partido minoritario 13.500 €.

5) En relación co Persoal Eventual: Suprímese o posto de director deportivo como persoal de alta dirección e crease como persoal eventual co mesmo salario. O/a Secretario/a Particular pasa a denominarse Xefe de Gabinete e o Xerente de Urbanismo, son os tres postos existentes de persoal eventual coas mesmas retribucións.

6) Co bipartito as concellerías liberadas ascendían a 200.000 € e agora 126.000 €
No cómputo global co bipartito gastábanse 276.000 € e agora co PP 202.000 €

A continuación procédese a votar os asuntos incluídos na orde do día.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP(10), PSdeG-PSOE (5), BNG (3) e IVIL (1) e dous votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal de EU,

Adoptase o seguinte ACORDO:

O Pleno da Corporación Municipal celebrará sesión ordinaria o último luns de cada mes, ás 17:00 horas, no suposto de ser este festivo, celebrarase a sesión plenaria ordinaria o luns hábil anterior.

Por outra banda, o luns anterior á sesión do Pleno Ordinario poderá celebrarse Xunta de Voceiros coa finalidade de examinar os asuntos a incluír na Orde do Día da devandita sesión.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.- Dáse conta da proposta da Alcaldía, do teor literal seguinte:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES

O Artigo 38 do ROF establece que dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva, o Alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, a fin de resolver, entre outros asuntos sobre a Creación e constitución das Comisións Informativas Permanentes:

As comisións informativas son órganos sen atribucións resolutorias, cuxo número e competencias respectivas, nunca de carácter resolutorio se establecerán por parte do Pleno (a proposta do Presidente), dentro da potestade de autoorganización municipal, procurando normalmente unha certa correspondencia das mesmas coas grandes áreas de xestión municipal.

En canto á súa composición, o artigo 20.1 c) da LBRL sinala que “todos os grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar nestes órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos en proporción ao número de concelleiros que teñan no Pleno”.

Polo demais, segundo o artigo 125 do ROF:

- No acordo de creación das comisións informativas se determinará a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:

a) O Alcalde ou Presidente da Corporación, é o Presidente nato de todas elas, sen embargo, a Presidencia electiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta d apropiada Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

